

PROTOCOLLO

COVID19

ANPA XERMOLOS

2021-22

1. A asociación.

A Asociación Xermolos de Nais e Pais de Alumnos do CEIP Arzúa inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións con número e NIF ten a súa sede na rúa

No artigo 6 (fins) da anpa refléxase o seguinte:

1. Son fins principais da asociación: a/ Colaborar na actividade educativa do centro.

b/ Promover a participación dos pais e nais dos alumnos ou alumnas na xestión do centro. c/ Asistir aos pais e nais de alumnos e alumnas no exercicio do seu dereito a

interviren no contgrol e xestión dos centros sostidos con fondos p'ublicos. d/ Facilitar a representación e a participación dos pais e nais de alumnos ou alumnas nos Consellos Escolares e noutros órganos colexiados, se é o caso. e/

Calquera outras que, dentro da normativa vixente lle asignen os seus respectivos estatutos.

2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudo e reunións con todos os sectores da comunidade educativa así como todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados, que sexan conformes á lei e decidadas polos órganos competentes.

Os beneficiós que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

2. Protocolo de prevención da Covid19.

2.1. Introducción.

A crise sanitaria provocada pola COVID19 supuxo un cambio nas nosas vidas en canto ao xeito de relacionardos cos demais e en canto á hora de adoitar unhas medidas hixiénicas nos centros escolares.

Esto fai necesaria a elaboración deste protocolo dacordo coa normativa, guías e recomendacións vixentes sobre prevención da Covid19 publicadas polas autoridades competentes.

2.2. Ámbito de aplicación.

Este protocolo aplicarase a tódalas persoas, membros ou non da Anpa Xermolos, que participen en calquera das actividades ou servizos ofrecidos por esta.

2.3. Obxectivos e contido.

Os obxectivos deste protocolo son os seguintes:

- Favorecer o coñecemento e a correcta aplicación das medidas hixiénico-sanitarias tanto nas instalacións da Anpa, como a relación entre os membros da Xunta Directiva, entre estes cos soci@s e con calquera persoa interesada.
- Integrar os protocolos de prevención da Covid no Servizo de Madrugadores e nas Actividades Extraescolares.
- Establecer un protocolo de actuación que permita dar resposta ante un posible caso de Covid19 para o persoal e as actividades recollidas neste protocolo.
- Proposta de creación dun “Banco Covid” para a recollida de material de desinfección (xeles, toallíñas, ...).

2.4. Aprobación, actualización e dispoñibilidade do Protocolo.

- As medidas deste protocolo serán aprobadas pola dirección do CEIP Arzúa. –
Este protocolo estará en permanente actualización e os seus cambios serán comunicados ao CEIP Arzúa para a súa valoración e aprobación.
- O protocolo actualizado indicará a data de actualización, os motivos da mesma e terá resaltado o novo texto para identificalo facilmente.
- Os socios terán acceso permanente ao protocolo. Existirá unha copia actualizada no local da Anpa no taboleiro de anuncios. Tamén se poderá consultar a través do instagram da propia Anpa.

2.5. Medidas hixiénico-sanitarias a aplicar.

2.5.1. Membros da Xunta Directiva e local Anpa.

- Os membros da Xunta Directiva valorarán o seu estado de saúde dacordo coa lista de chequeo que figura no anexo I deste protocolo.
- No caso de reunións presenciais, manteranse as distancias de seguridade e levarase a cabo a desinfección de todo o mobiliario utilizado.
- A presenza no CEIP e no local da Anpa reducirase ao estritamente necesario. O local da Anpa conta cun aforo máximo de 26 persoas.
- Non se permitirá o acceso nin a permanencia no local da Anpa sen a máscara, sendo obrigatoria en todo momento (excepto no caso daquelas persoas que cumpran as condicións establecidas polas autoridades sanitarias para non levala).
- Tanto á entrada como á saída do local, deberán desinfectarse as mans para o que se disporá de xel hidroalcolico.
- No posible, procurarase a ventilación continua do local durante a súa ocupación.
- Manterase a distancia interpersonal de 1,5 m entre as persoas.
- Ao finalizar a estancia no local da Anpa, procederase á desinfección de todo o material manipulado, prestando especial atención a fiestras, interruptores, pomos das portas, ...
- Para desfacerse do material de desinfección existirá unha papeleira rotulada COVID con pedal e bolsas que deberán retirarse despois de cada visita.
- O local contará coa cartelería necesaria sobre xeles hidroalcolicos, o uso obrigatorio de máscara, ...

2.5.2. Socios e público en xeral.

- As xestións cos soci@s realizaranse preferentemente por vía telemática, non obstante establécese un sistema de cita previa cando non sexa posible por medios telemáticos.
- No caso de atención presencial, seguiranse as mesmas medidas hixiénicas que no caso da Xunta Directiva.

2.5.3. Asembleas.

- Serán presenciais mantendo todas as medidas hixiénicas detallas anteriormente en canto ás reunións da Xunta Directiva. Todas aquelas persoas que desexen participar por videoconferencia poderán facelo a través do Instagram da Anpa ou da plataforma Webex, **SEMPRE SOLICITÁNDOO PREVIAMENTE**. Considerarase válido o voto emitido a través de videoconferencia, do mail da Anpa ou do Whatsapp da mesma. – As convocatorias serán remitidas aos membros a través de medios electrónicos facendo constar na mesma a orde do día.

2.5.4. Relación co CEIP de Arzúa.

- O acceso ao centro e a dependencias do CEIP, que non sexan a sede da Anpa ou os espazos cedidos polo centro para as actividades extraescolares reduciranse ao estritamente necesario.
- No acceso ao centro e a dependencias de uso exclusivo do CEIP seguiranse as medidas establecidas polo CEIP Arzúa no seu Protocolo Covid.

2.5.5. Servizo de madrugadores.

- Para a prestación do servizo de madrugadores seguirase o protocolo elaborado pola presente Anpa Xermolos
- O servizo prestarase na aula cedida polo CEIP de Arzúa á Anpa Xermolos.
- O uso de máscara para maiores de 6 anos é obrigatorio e recomendable nas restantes idades.
- Procederase á limpeza, desinfección e ventilación da aula despois do seu uso.

2.5.6. Actividades extraescolares.

- As actividades presenciais estableceranse no posible por grupos de convivencia establecendo un aforo máximo.
- Serán prioritarias as actividades en espazos ao aire libre como os patios.

Asignaráselle a cada grupo unha zona determinada para evitar aglomeracións. –

A persoa que dirixa a actividade deberá realizarse unha autoenquisa diaria de síntomas que figura no Anexo I deste protocolo.

- Os acompañantes non poderán acceder ao recinto onde se realiza a actividade. As entradas e saídas realizaranse de forma ordenada evitando aglomeracións.
- Procederase á toma de temperatura á entrada e realizarase lavado de mans con xel hidroalcolico antes e despois da actividade.
- Tódolos participantes maiores de 6 anos, salvo excepcións sanitarias, farán uso da máscara. Recoméndase tamén o uso a menores de 6 anos.
- Dotarase a cada participante dun espazo persoal onde deixar os seus obxectos persoais, que non poderán incluír xoguetes nin outros elementos de ocio.
- Os recintos pechados ventilaránse constantemente.
- Procurarase manter o espazo social entre menores marcando o distanciamento necesario.
- Cada grupo disporá dun bote de xel hidroalcolico, un rolo grande de papel e un spray con produto desinfectante.
- En caso de precisar ir ao WC, farase individualmente informando previamente á persoa que guía a actividade.
- Desinfectaranse tódolos elementos e materias que se utilicen en cada actividade, así como puntos que se toquen habitualmente como pomos de porta, interruptores de luz, billas, ...

2.6. Actuacións en caso de sospeita de síntomas compatibles coa COVID19.

2.6.1. Membros da Xunta Directiva.

En caso de que un membro da Xunta Directiva curse síntomas (tose, febre, diarrea ou outras manifestacións que suxiran a enfermidade) no local da Anpa ou CEIP, retirarase a un espazo separado e permanecerá illado. Non abandonará o centro, senón que contactará co seu Centro de Saúde ou no teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

De detectar os síntomas no seu domicilio, porase en contacto co Centro de Saúde e seguirá as indicacións establecidas por este. Comunicará aos demais membros da Xunta

Directiva a situación, así como as súas últimas actuacións relacionadas coa Anpa e CEIP ao fin de determinar canto antes os espazos e persoas de contacto. A Xunta Directiva informará da situación ao CEIP.

Tamén se comunicará o contacto con persoas con síntomas ou diagnosticadas con Covid19. Deberá permanecerse no domicilio á espera da PCR por sospeita clínica.

2.6.2. Actividades relacionadas coa Anpa.

- Cando un participante inicie síntomas e sexa detectado por calquer membro da Anpa, procederase ao seu illamento a un espazo separado.
- Avisarase á súa familia, que deberá recoller ao menor á maior brevidade e contactar co seu Centro de Saúde ou co teléfono de referencia do Sergas para a avaliación do caso. O participante non poderá reincorporarse ao centro ata que non aporte certificado médico correspondente. Unha vez a persoa saia da sala de illamento deberanse limpar as superficies e ventilar axeitadamente.
- Os membros da Anpa elaborarán un informe detallando as persoas e espazos cos que a persoa estivo en contacto, facilitando a trazabilidade no caso de que se confirme a sospeita.
- Procederase a desinfectar tódalas superficies posibles de inmediato.

ANEXO

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID19.

Presentou nas dúas últimas semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5º		
	Tos seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatga severa		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		